

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR PARA A RENOVACIÓN DO COMPROMISO DE INTEGRACIÓN NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA DA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DO PEREIRO DE AGUIAR, DEPENDENTE DEL.

Ámbito competencial

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade de é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura e, en concreto, das atribucións en materia de bibliotecas, segundo o establecido no Decreto 163/2018, do 13 de decembro e, en relación co Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia. Neste sentido, no artigo 8 do devandito Decreto 163/2018, do 13 de decembro, establece que *lle corresponde a xestión do Rexistro de Bibliotecas, dos procedementos de integración na rede, e de creación de novos centros, así como a declaración de bibliotecas de especial interese para Galicia.*

Dentro dese ámbito competencial, a Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, define a Rede de bibliotecas como un grupo coordinado de bibliotecas que comparten políticas bibliotecarias comúns, así como recursos e servizos, co fin de lograr a prestación do mellor servizo público dispoñible ás persoas usuarias. Segundo establece o artigo 7 da citada lei, *correspóndelle á Consellería tramitar e resolver os procedementos de integración de bibliotecas públicas ou servizos bibliotecarios na rede, segundo o establecido nesta lei e no seu desenvolvemento regulamentario, como órgano de dirección e coordinación do Sistema galego de bibliotecas, dentro do que se encadran as bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas.*

Con este fin, regúlanse os procedementos de rexistro e integración das bibliotecas públicas municipais na Rede de Bibliotecas de Galicia segundo establece o Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas, segundo establece no artigo 7, a rede configúrase *como a estruturación nun sistema coordinado, dos centros bibliotecarios incluídos no Sistema Bibliotecario de Galicia. Forman parte dela tanto os centros bibliotecarios dependentes directamente da consellería competente en materia de cultura, coma todos os de titularidade pública ou privada que, mediante a sinatura dun convenio, se comprometan a colaborar nos obxectivos de mellora do sistema bibliotecario que se perseguen coa dita rede.*

Por outra parte, o concello do Pereiro de Aguiar xa conta co seu servizo bibliotecario municipal integrado na Rede de Bibliotecas de Galicia, trala formalización de todos os trámites requiridos para tal fin. Para que a integración dos centros bibliotecarios municipais na Rede sexa firme e



Xacobeo 2021





efectiva, a normativa establece a necesidade de asinar un convenio no prazo de tres meses dende a publicación da correspondente orde de integración o DOG.

A Lei 40/2015 de 1 de outubro, na disposición adicional oitava, regula a adaptación dos convenios vixentes subscritos polas administracións públicas e, establece que deberán adaptarse ao previsto no artigo 49 h) no prazo de tres anos dende a súa entrada en vigor. Para os convenios que non tiveran determinado un prazo de vixencia ou, existindo, tiveran establecida unha prórroga tácita por tempo indefinido no momento da entrada en vigor desta Lei, como é o caso, o convenio inicial mantivo a súa vixencia durante un prazo de catro anos á partir da entrada en vigor da Lei, o 1 de outubro de 2016.

Rematado o período de transición establecido na devandita D.A. 8ª da Lei, cómpre realizar esta adaptación ao disposto no artigo 49 h) que, establece que os convenios deberán ter unha duración, que non poderá ser superior a catro anos. E que en calquera momento antes da finalización deste prazo previsto, as partes poderán acordar unha prórroga unánime por catro anos adicionais ou a súa extinción.

Antecedentes

O concello do Pereiro de Aguiar, no exercicio das competencias que lle son propias, solicitou a integración na Rede de bibliotecas de Galicia do centro bibliotecario citado. A integración resolveuse favorablemente coa sinatura do correspondente convenio de integración o 20 de xuño de 1997.

Obxecto

En consecuencia, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Comunidade Autónoma de Galicia e o concello acordan a renovación do compromiso de integración dos centros bibliotecarios municipais na Rede a través da formalización deste convenio co obxecto de actualizalo, adaptalo e axustalo á nova normativa de aplicación

Importe e tipoloxía dos fondos económicos

A execución do presente convenio non representa incremento de gasto para a Comunidade Autónoma respecto das liñas de traballo establecidas nos plans orzamentarios actuais nin terá repercusión en exercicios futuros, salvo a organización de actividades formativas e os plans e proxectos de cooperación establecidos anualmente nos que os gastos se instrumentarán xuridicamente a través dos correspondentes procedementos administrativos segundo a lexislación aplicable.

Normativa aplicable

- Artigos 44.1 e 149.2 da Constitución Española.
- Artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.



Xacobeo 2021





- RD 1531/1989, do 15 de decembro, sobre traspaso das funcións, servizos e medios en materia de cultura á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas
- Artigo 81 Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.
- Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo.
- Artigo 49 Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Artigo 15.2 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
- Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 190 do 18 de setembro)

Interese

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten especial interese en asinar este convenio co obxecto de renovación do compromiso de integración dos centros bibliotecarios municipais na Rede para que a totalidade dos centros bibliotecarios municipais activos que, neste momento, prestan servizo en Galicia, estean integrados na Rede. Cumprindo polo tanto, o obxectivo de que todas as bibliotecas públicas municipais de Galicia que están activas se atopen en igualdade de condicións á hora de acceder ás axudas públicas que convoca a Consellería anualmente así como a todos os demais recursos que lle ofrece a administración autonómica á local neste ámbito.

Pola súa parte, o concello pon de manifesto o seu compromiso para acadar o cumprimento eficaz das funcións dos centros bibliotecarios municipais e a satisfacción dos dereitos das persoas usuarias do mesmo.

Este convenio asínase cun período de vixencia de catro anos a partir da data da súa sinatura, entenderase prorrogado automaticamente por prazos anuais ata o límite máximo previsto no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As actividades que ampara son de interese social para a cidadanía galega e veñen a mellorar o acceso á cultura e ao coñecemento da cidadanía galega en xeral e dos usuarios e usuarias das bibliotecas públicas en particular.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de Compostela



Trátase dun convenio de colaboración para achegar á veciñanza e á cidadanía galega en xeral entre outros servizos, o acceso universal ao carné único das bibliotecas públicas de Galicia e ao acceso á Biblioteca Dixital GaliciaLe.

Santiago de Compostela

O secretario xeral de Cultura

Anxo M. Lorenzo Suárez



Xacobeo 2021

